

A UVigo lanza unha serie de podcast para concienciar sobre as doenzas cardiovasculares



O xornalista Gabriel Fuentes co doutor Juan José Crespo e o profesor Artemio Mojón durante a gravación dun dos podcasts. Foto: USC

DUVI

15/04/2024

O 7 de abril celébrase o **Día Mundial da Saúde**, unha data sinalada pola Organización Mundial da Saúde para concienciar á poboación sobre a importancia de coidarse física e mentalmente para lograr levar unha vida saudable. Ao abeiro deste efeméride, desde a Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo acaba de lanzarse unha serie de podcast cos que promover a prevención das enfermidades cardiovasculares, resaltar a importancia da **saúde cardiovascular feminina** e impulsar a adopción de hábitos saudables entre a poboación galega.

O primeiro podcast publicouse este luns e nos vindeiros días iranse publicando diferentes episodios nos que se abordarán múltiples temáticas relacionadas coa saúde cardiovascular, un dos grandes desafíos aos que se enfronta a sanidade galega, con estatísticas que amosan taxas de mortalidade máis altas en mulleres ca en homes. As diferentes pezas estarán protagonizadas por especialistas de distintas áreas relacionadas coa **diagnose, seguimento de patoloxías cardiovasculares**, así

como a prevención e a promoción de hábitos saudables entre a poboación galega, onde a prevalencia e mortalidade deste tipo de enfermidades é moi alta.

Publicidade



A primeira peza, xa dispoñible na canle de YouTube da UCC+i, céntrase na aplicación da **Intelixencia Artificial** na análise de **datos cardíacos** e está protagonizada por Xosé Antón Vila Sobrino, docente na Escola Superior de Enxeñaría Informática e investigador no Laboratorio de Intelixencia Artificial Aplicada (LIA2) da UVigo.



O xornalista Gabriel Fuentes e o profesor Xosé Antón Vila Sobrino, protagonista do primeiro podcast da serie. Foto: UVigo

Tras este primeiro episodio virán outros nos que se contará coa participación, entre outros, dos investigadores Juan José Crespo Sabarís, doutor pola Universidade de Vigo e médico especialista en Medicina Familiar e Comunitaria no Centro de Saúde de Bembrive; Artemio Mojón Ojea, profesor da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e investigador de atlantTic, de Diana Valverde, investigadora principal no Laboratorio de Enfermidades Raras do CINBIO; Federico Mallo Ferrer, director do equipo do Laboratorio de Endocrinoloxía, LabEndo; Javier Prieto Troncoso, investigador en Endocrinoloxía e Fisioloxía do Exercicio e o fisioterapeuta Hugo Ogando Berea, alumno de doutoramento da UVigo, entre outros.

Charlas en colexios e institutos

Ademais dos podcast levaranse tamén a cabo charlas en centros educativos de primaria e secundaria co obxectivo de concienciar á mocidade sobre a importancia de coidar a saúde cardiovascular desde unha idade temperá. Estas charlas contarán coa participación de investigadores e investigadoras da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da UVigo que responderán preguntas para promover estilos de vida saudables entre o alumnado, facendo especial fincapé nos principais factores de risco: **hipertensión arterial**, **tabaquismo**, diabetes, colesterol alto, sobrepeso, obesidade, estrés e sedentarismo.

Para a realización destas actividades, inseridas no Plan Anual de Actividades Ciencia de Ida e Volta, a Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo, conta coa colaboración da **Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía** (FECYT) do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

Podes ler a noticia do DUVI [nesta ligazón](#).
